



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARRAL

Aprobación bases selección de entidade de custodia do territorio

ANUNCIO

EXPEDIENTE: 2026/A005/000006

Por resolución ditada o 01 de xullo de 2026, Decreto nº 316/2026, o Sr. Alcalde resolveu aprobar as seguintes bases:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN

BASE 1.^a — Obxecto e finalidade

O obxecto da convocatoria e a selección, en réxime de concorrencia pública, dunha entidade de custodia do territorio para formalizar coa mesma un convenio de colaboración gratuito para a xestión e conservación de determinadas parcelas municipais do Concello Carral, orientada a protección activa dos seus valores naturais e de biodiversidade.

BASE 2.^a — Marco normativo

A convocatoria réxese polo artigo 76 da Lei 42/2007; pola Lei 5/2019 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia; pola Lei 7/2012 de Montes de Galicia; pola Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público; e pola demais normativa de réxime local e procedemento administrativo.

BASE 3.^a — Requisitos de participación

Poderán participar as entidades que cumpran, de forma acumulativa:

- Ser persoa xurídica sen ánimo de lucro: asociación, fundación, federación ou análoga.
- Ter recollida nos estatutos a realización de acordos de custodia do territorio para conservación do patrimonio natural e da biodiversidade.
- Estar legalmente constituída e inscrita no rexistro correspondente con anterioridade a convocatoria.
- Non ter condena firme por delito medioambiental nin expediente sancionador firme en materia de montes ou medio ambiente nos cinco anos anteriores.
- Non estar incurso en prohibicións de contratar da Lei 9/2017 LCSP, con carácter analóxico.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

BASE 4.^a — Documentación a presentar

As entidades presentaran a seguinte documentación dentro do prazo da convocatoria:

#	Documento	Observacións
1	Solicitud de participación (modelo Doc. III)	<i>Asinada polo/a representante legal</i>
2	Copia estatutos da entidade	<i>Debidamente lexitimada</i>
3	Certificado de inscrición en rexistro	<i>Vixente a data de presentación</i>
4	Declaración responsable (modelo Doc. IV)	<i>Asinada polo/a representante legal</i>
5	Memoria-proposta de Plan de Actuación	<i>Maximo 20 paxinas</i>
6	Relación de proxectos de custodia executados	<i>Últimos 5 anos, con descrições</i>
7	Relación de persoal técnico dispoñible	<i>Con titulacións acreditadas</i>
8	Certificacións / pertenza a redes de custodia	<i>Se as houberse</i>

BASE 5.^a — Prazo e lugar de presentación

As solicitudes e documentación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Carral (Praza do Concello, s/n, CP 15175) ou a través da sede electrónica, no prazo de vinte (20) días naturais desde o día seguinte ao da publicación no BOP de A Coruña. As persoas xurídicas están obrigadas a presentación electrónica (art. 14.2 Lei 39/2015).

BASE 6.^a — Criterios de valoración

A Comisión de Valoración avaliara as propostas conforme os seguintes criterios:

Critério de valoración	Ptos. max.
A) Experiencia en acordos de custodia: 1 pto/acordo (max. 15 acordos); 2 puntos si en Galicia	25
B) Capacidade técnica: persoal titulado en CC. Ambientais, Bioloxía, Enx. Forestal ou similar	15
C) Calidade e coherencia do Plan de Actuación proposto para os montes de Carral	30
D) Implantación no municipio ou comarca de Carral: actividade previa acreditada	20
E) Pertenza a redes de custodia do territorio (Rede Galega, Plataforma Estatal)	10
PUNTUACIÓN TOTAL MAXIMA	100 puntos

Quedaran excluídas as entidades que non acaden un mínimo de 50 puntos na puntuación total ou un mínimo de 15 puntos no criterio C.

BASE 7.^a — Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración estará integrada por:

- Presidente/a: Concelleiro/a de Medio Ambiente ou persoa en quen delegue.
- Vogal técnico/a: Técnico/a municipal en medio ambiente ou forestal.
- Vogal xurídico/a: Secretario/a municipal ou persoa en quen delegue.
- Vogal asesor/a externo/a (voz sen voto): Representante da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.

BASE 8.^a — Resolución e publicidade

Concluída a valoración, a Comisión emitira informe-proposta que será elevado a Alcaldía para a resolución motivada. A resolución publicarase na sede electrónica do Concello e no BOP de A Coruña. Contra ela cabe recurso de reposición ante a Alcaldía (1 mes) ou recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de A Coruña. a (2 meses).

BASE 9.^a — Formalización do convenio

No prazo máximo de 30 días desde a resolución, formalizarase o convenio conforme ao modelo do Documento V.

BASE 10.^a — Obrigas da entidade custodia

- Elaborar e executar un Plan de Actuación anual, coherente coa proposta presentada.
- Presentar informe anual de actividades no primeiro trimestre do exercicio seguinte.
- Non deteriorar nin ceder os terreos a terceiros sen autorización do Concello.
- Comunicar incidencias relevantes no prazo máximo de 24 horas.
- Non obter beneficio economizo directo dos terreos sen autorización expresa previa.
- Gardar discreción respecto de datos sensibles do Concello aos que acceda.

BASE 11.^a — Obrigas do Concello

- Facilitar o acceso aos terreos e a documentación necesaria.
- Resolver cuestións e incidencias no prazo máximo de 30 días.
- Colaborar na difusión institucional das actuacións realizadas.
- Non autorizar actividades incompatibles coa conservación sen audiencia previa a entidade custodia.

BASE 12.^a — Extinción do convenio

O convenio extinguirase por: mutuo acordo; incumprimento grave e reiterado, logo de audiencia; desaparición das circunstancias motivadoras; forza maior; ou decisión unilateral do Concello por razóns de interés público con preaviso de tres meses.

BASE 13.^a — Réxime de recursos

Os actos ditados son susceptibles de recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía (1 mes) ou recurso contencioso-administrativo ante a Sección do contencioso administrativo o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña (2 meses), conforme a Lei 39/2015 e a Lei 29/1998 LXCA.

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

Denominación da entidade:	
CIF:	
Tipo de entidade:	Asoc. / Fundación / Outra: _____
Enderezo social:	
Concello / Código Postal:	
Correo electrónico:	
Telefono de contacto:	
Sitio web:	
Rexistro / num. inscrición:	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

Nome e apelidos:	
DNI/NIE:	
Cargo na entidade:	
Correo electrónico:	

SOLICITUDE

A persoa abaixo asinante, en nome e representación da entidade arriba indicada, ao abeiro das Bases Reguladoras da convocatoria de selección de entidade de custodia do territorio para os montes municipais do Concello de Carral (BOP de A Coruña num. ___ de data ___),

SOLICITA

A admisión ao proceso de selección, para o cal achega a documentación esixida nas bases, comprometéndose ao cumprimento das obrigas derivadas do convenio no caso de resultar seleccionada.

En _____, a ___ de _____ de 20__

Asdo.: _____

(Representante legal da entidade)

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

De conformidade co RXP (UE 2016/679) e a LOPDGD, os datos facilitados serán tratados polo Concello de Carral para a xestión desta convocatoria. Pode exercer os seus dereitos dirixíndose ao Concello de Carral, Praza do Concello s/n, 15175 Carral (A Coruña).

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona _____, con DNI/NIE _____, en nome e representación de _____, con CIF _____, na súa condición de _____ da devandita entidade,

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

PRIMEIRO: Que a entidade e unha entidade sen animo de lucro con previsión estatutaria expresa de realización de acordos de custodia do territorio para a conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, e que cumpre todos os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras.

SEGUNDO: Que a entidade esta legalmente constituída e inscrita no rexistro correspondente, en plena vixencia.

TERCEIRO: Que a entidade non esta suxeita a ningunha prohibición de contratar nin causa de incompatibilidade co exercicio das funcións de custodia do territorio.

CUARTO: Que a entidade non ten condena firme por delito medioambiental nin expediente sancionador firme en materia de montes ou medio ambiente nos cinco anos anteriores a convocatoria.

QUINTO: Que a entidade esta ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa Conselleira de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social.

SEXTO: Que toda a documentación aportada e autentica, veraz e completa, e que se comunicara ao Concello calquera variación.

SÉTIMO: Que a entidade coñece e acepta as Bases Reguladoras e as obrigas derivadas do convenio de custodia do territorio no caso de resultar seleccionada.

OITAVO: Que realizará un uso exclusivamente institucional e de conservación da información e accesos facilitados en relación cos montes de Carral.

A persoa declarante e consciente de que a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato determinara, con audiencia previa, a imposibilidade de continuar no procedemento, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

En _____, a ___ de _____ de 20__

Asdo.: _____

(Representante legal da entidade)

MODELO DE CONVENIO DE CUSTODIA DO TERRITORIO**CONVENIO DE COLABORACION PARA A CUSTODIA DO TERRITORIO**

entre o Concello de Carral e [denominación da entidade de custodia] Asinado electronicamente

REUNIDOS

Dunha , o Concello de Carral (A Coruña), representado polo Sr. _____, Alcalde/sa-Presidente/a en virtude do cargo que exerce e ao abeiro da lexislación de réxime local.

Doutra parte, _____, con CIF _____, con domicilio en _____, representada por _____, con DNI _____, en calidade de _____.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente convenio regulador de acordo de custodia aceptándose reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, e de común acordo,

Ante D _____ secretaria do Concello de Carral, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

EXPOÑEN

PRIMEIRO. O Concello de Carral e titular das seguintes parcelas municipais cuxa conservación e xestión activa orientada a biodiversidade constitúe un obxectivo de política ambiental municipal.

-15021A011010360000RM situada no Polígono de Os Capelos, parroquia de San Martiño de Tabeaio, que linda co Río Brexa .

- 2678305NH5827N0001XS situada no Polígono de Os Capelos, parroquia de San Martiño de Tabeaio na que sería interesante a plantación de árbores autóctonos q e dotar de infraestruturas que permitan o disfrute compatible co entorno.

- 15021A014006160000RU situada na Área Recreativa Río Brexa, parroquia de San Esteban de Paleo,

- 15021A014001100000RW situada na Área Recreativa Río Brexa, parroquia de San Esteban de Paleo,

Nestas dúas parcelas hai un hábitat húmido apropiado para a conservación dos anfibios.

- 15021A018001940000RR situada en Paleo, parroquia de San Esteban de Paleo, na que predomina o eucalipto e sería interesante continuar ca plantación de frondosas autóctonas e convertela nun parque en memoria dos falecidos nesa zona.

O Concello de Carral é consciente do deber como administración pública de protexer e conservar o medio ambiente mediante a utilización racional dos recursos como xa se recolle no artigo 45 da Constitución Española. Por outra banda, no artigo 72 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade se insta a fomentar a custodia do territorio mediante acordos entre entidades de custodia e propietarios de fincas privadas ou públicas que teñan como obxectivo principal a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade .

SEGUNDO. A [entidade] e unha entidade sen animo de lucro especializada en custodia do territorio, con fins estatutarios de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade.

TERCEIRO. Mediante resolución da Alcaldía de data _____, a [entidade] foi seleccionada como entidade de custodia para os montes municipais de Carral, previo proceso de selección en concorrencia publicado no BOP A Coruña num. ___ de data ___.

CUARTO. O presente convenio amparase no artigo 76 da Lei 42/2007, na Lei 5/2019 galega, na Lei 7/2012 de Montes de Galicia e nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015.

Por todo o exposto, as partes acorden subscribir o presente convenio de custodia do territorio conforme as seguintes

CLAUSULAS

CLÁUSULA 1. - Obxecto

O presente convenio regula a colaboración entre o Concello de Carral e a entidade de custodia para a xestión de parcelas municipais descritas orientada a conservación activa dos seus valores naturais e de biodiversidade.

A finalidade fundamental do presente convenio é a cesión gratuíta da xestión e uso das parcelas relacionadas anteriormente para que a entidade _____ realice unha xestión adaptativa coa finalidade xeral de conservar e restaurar os seus valores naturais, que se concretará atendendo ós seguintes obxectivos:

1. Mellorar o estado de conservación da flora, fauna e hábitats presentes nas parcelas, potenciando a súa biodiversidade e a súa calidade paisaxística.
2. Rexenerar un bosque autóctono nas parcelas, para así manter a cobertura vexetal nativa e frear a erosión.
3. Eliminar as especies alóctonas que medren nas parcelas, para así suprimir a ameaza que supoñen para o patrimonio natural e previr incendios forestais.
4. Realizar labores de limpeza e recollida de lixo
5. Divulgar os valores naturais presentes nas parcelas
6. Facilitar a investigación das ciencias naturais nas parcelas
7. Realizar outras actividades tendentes a cumprir os obxectivos expostos anteriormente
8. Todo o anterior ca limitación de non prexudicar ós propietarios das fincas veciñas nin a terceiros en xeral

CLÁUSULA 2. - Carácter gratuíto

O convenio ten carácter administrativo e non contractual. A entidade custodia non percibe ningunha contraposición económica do Concello. Calquera aproveitamento forestal ou de recursos naturais requirira autorización expresa previa do Concello e estará suxeito a normativa sectorial aplicable.

CLÁUSULA 3. - Duración

A vixencia inicial será de 15 anos prorrogable c a contar dende a sinatura. Podara prorrogarse por sucesivos periodos de igual duración mediante acordo expreso previo ao vencemento, con informe favorable dos servizos técnicos municipais ata o máximo de 30 anos.

CLAUSULA 4. - Plan de Actuacion

A entidade custodia elaborara e presentara ao Concello, no prazo de tres (3) meses, un Plan de Actuación Plurianual coherente coa proposta da convocatoria. Os plans anuais requiriran aprobación do Concello antes do seu inicio.

CLAUSULA 5. - Obrigas da entidade custodia

Son obrigas da entidade custodia:

- Executar o Plan de Actuación aprobado
- Presentar informe anual no primeiro trimestre do exercicio seguinte
- Non deteriorar nin ceder os terreos sen autorización
- Comunicar incidencias en 24 horas;
- Non obter beneficio economizo directo sen autorización previa
- Gardar discreción respecto de datos sensibles do Concello.
- Encargarse de obter todos os permisos e licencias, ás que estea obrigada pola lexislación vixente de aplicación, para a execución das labores necesarias para cumprir os obxectivos expostos.
- Executar as actuacións necesarias para alcanzar os obxectivos de xestión do presente convenio
- Presentar ó Concello de Carral informes puntuais de incidencias.

CLÁUSULA 6. - Obrigas do Concello

Son obrigas do Concello:

- Facilitar o acceso aos terreos e a documentación necesaria
- Resolver incidencias no prazo máximo de 30 días
- Colaborar na difusión institucional das actuacións
- Non autorizar actividades incompatibles coa conservación sen audiencia previa a entidade custodia.-
- Permitirlle á entidade realizar nas parcelas que son obxecto deste convenio, as actuacións necesarias para alcanzar os obxectivos de xestión do presente convenio.
- Aportarlle a información necesaria para levar adiante as actuacións prevista, así como os documentos e certificacións necesarios para realizar ditas actuacións.
- Indicar claramente as lindes das parcelas o obxecto de evitar que as actuacións da entidade afecten negativamente a terceiros
- Designar de entre os seus empregados un responsable de convenio de custodia

CLÁUSULA 7.- Difusión pública

Durante a vixencia do presente convenio, ambas partes comprométense a facer difusión pública da existencia deste acordo de custodia do territorio por calquera medio de comunicación, facéndose mutuo recoñecemento público. A estes efectos, ambas entidades proporcionaranse mutuamente os logos institucionais e comprométense a:

a) Difundir o proxecto de xestión das parcelas a custodiar a través das súas canles de comunicación, sinalando a súa importancia para a protección da biodiversidade e dos valores naturais da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

b) Difundir as actuacións realizadas a través dos seus respectivos medios de comunicación

c) Nos materiais editados para a difusión do proxecto, nos paneis informativos e de sinalización e en calquera medio de información en soporte escrito, electrónico ou audiovisual que trate ou presente este proxecto, deberá de constar, de forma simultanea, os nomes e logotipos do Concello de Carral e a a entidade _____, así como, se é o caso, os nomes e logotipos das entidades públicas ou privadas que patrocinarán ou colaborarán, dalgunha maneira nas actuacións realizadas.

d) En todas as presentacións, entrevistas e reportaxes deste proxecto que se celebren deberá citarse a colaboración entre o Concello de Carral e a entidade _____.

CLÁUSULA 8.- Responsabilidade por danos

A entidade responde dos danos causados polas súas actuacións nas parcelas custodiadas, nas propiedades veciñas ou a calquera terceira persoa, e asume o pago das indemnizacións correspondentes, eximindo ó Concello de Carral de calquera responsabilidade

Exclúense expresamente deste acordo os deterioros debidos ó paso do tempo, ó uso pactado, e causas fortuitas ou naturais. Tamén exclúense calquera dano que derive das actuacións contempladas neste convenio e que afecten a terceiros motivados por erros na información recibida do Concello de Carral sobre as lindes das parcelas.

CLÁUSULA 9.- Outras disposicións

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual, nin de ningún tipo, entre os profesionais da entidade e o Concello de Carral, de modo que non se poderá esixir a este responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria polos actos ou feitos que teñan lugar durante o seu desenvolvemento.

Todo financiamento externo que se solicite por calquera das entidades asinantes deste convenio deberá ser coñecida e acordada previamente pola outra entidade. Os fondos que se obteñan nestas condicións deberán se utilizados exclusivamente para os fins estipulados nas cláusulas anteriores e aplicados polas entidades asinantes.

CLÁUSULA 10- Modificación, resolución e extinción do convenio de custodia do territorio

As partes poderán denunciar ou modificar este convenio de custodia do territorio entre o Concello de Carral e a entidade de ___ en calquera momento, por mutuo acordo e previa xustificación das razóns de interese público concorrentes.

Son causas de resolución deste convenio, ademais das previstas na lexislación vixente, as seguintes:

- O incumprimento grave e culpable dalgunha das súas cláusulas.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se conclúan as actividades acordadas.

Neste caso concreto a resolución do convenio non afectará ao desenvolvemento específico das actuacións que se atopasen en execución no momento da adopción do acordo de resolución ata a súa completa finalización.

Antes da extinción definitiva deste convenio procederase a liquidar as prestacións recíprocas, debendo emitirse unha memoria final que será conformada polo responsable, previamente ó pago da última factura.

CLAUSULA 11.- Comisión de seguimento

Constituirase unha Comisión de Seguimento presidida polo Alcalde integrada polo/a Concelleiro/a de Medio Ambiente, o/a técnico/a municipal competente e un/ha representante da entidade custodia. Reunirse polo menos una vez ao ano e podara emitir recomendacións sobre a execución do convenio. e será presidida polo Alcalde de Carral ou persoa na que delegue.

CLAUSULA 12.- Carácter do convenio

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerese ademais de polo disposto no mesmo, polas normas de dereito administrativo que directamente ou por analogía puidesen resultar de aplicación.

CLAUSULA 8. -Extinción

O convenio extinguirse por: mutuo acordo; incumprimento grave e reiterado, logo de audiencia; desaparición das circunstancias motivadoras; forza maior; ou decisión unilateral do Concello por razóns de interese público con preaviso mínimo de tres meses.

CLAUSULA 9. - Réxime xurídico

O convenio réxese polo establecido nel, polas Bases Reguladoras, pola lexislación administrativa aplicable, e polo dereito privado de forma supletoria. Para a resolución de litixios serán Xulgados do Contencioso-Administrativo de A Coruña.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio por duplicado exemplar no lugar e data que se indica.

En Carral, a ___ de _____ de 20__

POLO CONCELLO DE CARRAL

O/A Alcalde/sa-Presidente/a

Asdo.: _____

POLA ENTIDADE CUSTODIA

O/A Representante Legal

Asdo.: _____

Ante min, A SECRETARIA MUNICIPAL

Asdo.: _____

Carral, 01 de xullo de 2026

O Alcalde

José Luis Fernández Mouriño

2026/4438